

XXI CTO. GALEGO DE LONGA DISTANCIA EN PISCINA XUNTA DE GALICIA

XXIII CTO. ESPAÑA DE LARGA DISTANCIA EN PISCINA (FASE TERRITORIAL) – PENDENTE NORMATIVA RFEN

Tempada 2026/27. Circular 26-25.

1. Organización, data e sede

1. Celebrarase a nivel autonómico nunha xornada de dobre sesión.
2. As datas e lugar de celebración serán as establecidas no calendario de natación.
3. A sesión de mañá comezará ás 10:00 horas e a da tarde ás 17:00 horas. A hora de inicio poderá ser modificada en función das inscricións finais a criterio da Comisión Técnica.
4. A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes dúas horas antes do comezo de cada sesión e media hora despois da súa finalización, así como o día anterior ao campionato en horario de tarde e previa solicitude dos clubs interesados ao club organizador. Os nadadores teñen dereito a quentar até 10 minutos antes do comezo da sesión.

2. Programa de probas

Sesión de mañá	Sesión de tarde
1. 1500 m Libre Masculino Infantil 2. 1500 m Libre Feminino Infantil	3. 3000 m Masculino Júnior 1 4. 3000 m Masculino Júnior 2 e Sénior 5. 3000 m Feminino Júnior 1 6. 3000 m Feminino Júnior 2 e Sénior.

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás seguintes categorías:
 - a) Masculino: Sénior (2007 e anteriores), Júnior 2 (2008 – 2009), Júnior 1 (2010 – 2011) e infantil (2012 – 2013)
 - b) Feminino: Sénior (2007 e anteriores), Júnior 2 (2008 – 2009), Júnior 1 (2010 – 2011) e infantil (2012 – 2013)

As categorías Sénior e Júnior 2 considerarase unha a efectos de participación.

2. A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas neste regulamento e que teñan acreditada a marca mínima.
3. Limitase a participación a unha serie con 2 nadadores por estaxe (12/16/20) por categoría, excepto na categoría infantil que serán 2 series con 2 nadadores por estaxe (12/16/20).
4. Se nalguna serie non se cobren as estaxes por falta de participación, permitirase que participen nadadores sen mínima pero con marca acreditada.
5. Admitiranse baixas até 60 minutos antes do inicio de cada sesión.

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través da plataforma de inscricións e remitirase á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xera. Xunto co dito rexistro, enviarase no mesmo correo electrónico o xustificante do pagamento da inscrición.
2. As inscricións para o campionato deberán ser recibidas pola FEGAN 10 días antes do comezo da competición, sendo responsabilidade do club que se inscriba a súa recepción pola FEGAN.
3. A listaxe provisoria de participantes publicárase días despois.
4. Unha vez publicadas as listaxes provisorias de participantes, os Clubs deberán informar das baixas á FEGAN co obxecto de cubrilas e proceder á correcta elaboración das series.
5. Unha vez publicadas as listas provisorias de participantes, os Clubs deberán informar das baixas á FEGAN co obxecto de cubrilas e proceder á correcta elaboración das series.
6. Unha vez confeccionadas as series, os nadadores inscritos que non entrasen nelas, adquirirán a condición de reserva e poderán cubrir as posibles baixas na propia competición mantendo a orde da inscrición.
7. O reparto dos gastos entre os clubs participantes farase en función dos nadadores participantes.

5. Fórmula de competición

1. Todas as probas realizaranse contra o reloxo.
2. Nadarán un máximo de dous nadadores por estaxe.
3. Os criterios de puntuación serán os seguintes:
 - a) Só puntuarán os 2 primeiros clasificados de cada club.
 - b) A puntuación nas probas será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

6. Clasificacións

1. Faranse as seguintes clasificacións:
 - a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.
 - b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.
 - c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina. O club que obteña maior puntuación proclamarase Campión Galego de Larga Distancia.

7. Títulos e premios

1. Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados de cada proba masculina e feminina.
2. Trofeo ós Campións Galegos da probas de 1500 e 3000 metros.
3. Trofeos para os clubs campións en cada unha das clasificacións sinaladas neste regulamento (Punto 6).

8. Marcas Mínimas

Probas	Masculino				Feminino			
	Infantil	Júnior 1	Júnior 2	Sénior	Infantil	Júnior 1	Júnior 2	Sénior
800 m Libre	X	X		x	10:52,50	10:19,00		9:57,00
1500 m Libre	19:50,00	18:32,00		17:35,00	X	X		X

1. Teranse en conta as marcas obtidas entre o 1 de xuño de 2025 e o 15 de novembro do 2026.

A Coruña, setembro 2026.